

## **IES PLURILINGÜE ELVIÑA. DEPARTAMENTO DE FRANCÉS.**

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA PARA O CURSO 20-21**

Para a avaliación terase en conta:

- Observación sistemática por parte d profesor.
- Exercicios orais e escritos sobre as unidades traballadas
- Traballo en equipo: avaliándose a capacidade do alumnado para colaborar nas tarefas de grupo, asumindo o comportamento e á responsabilidade (data presentación dos traballos etc)
- Traballos individuais
- Controis trimestrais coincidindo coas tres avaliacións
- Lecturas
- Documentos audiovisuais

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**Para a etapa da ESO:**

Para a cualificación faremos a seguinte porcentaxe:

- ❖ Un 90% da nota corresponderá ás notas acadadas nas probas obxectivas propostas.
- ❖ Un 10% : Actitude na clase, traballo diario e entrega de traballos orais ou escritos propostos polo profesor.

**Para a etapa do BACHARELATO:**

Para a cualificación faremos a seguinte porcentaxe:

- ❖ Un 90% da nota corresponderá ás notas acadadas nas probas obxectivas propostas.
- ❖ Un 10% : Actitude na clase, traballo diario e entrega de traballos orais ou escritos propostos polo profesor.

No caso de non poder facer un exame por imprevisto, enfermidade, etc., e dada que ésta é unha materia de avaliación continua dito exame será recuperado na sesión posterior á incorporación do alumno, mantendo así o criterio de igualdade entre o alumnado.

A ausencia deberá estar xustificada dun xustificante médico, no caso de enfermidade, ou ter avisado con anterioridade, no caso de ausencias de outro tipo. Tamén o profesor poderá, se un alumno non se presentase os días das probas e non achegase un escrito que xustifique esa falta non repetirlle o exame e notar o exame cun cero.

No caso de que as autoridades educativas ou sanitarias decreten una modalidade de ensino online ou semipresencial, as probas obxectivas serán enviadas ás familias a través das canles a disposición do Departamento, principalmente a Aula Virtual do centro. Chegado o caso, o profesor da materia comunicará previamente ás familias as instrucións de realización e entrega das devanditas probas.

Ao tratarse dunha materia de avaliación continua, non haberá exames de recuperación. Se un alumno suspende unha avaliación, se aproba a seguinte considerarase como recuperada a que estaba suspensa. No caso de non superar a avaliación de xuño, terá que presentarse ao exame de setembro, con toda a materia. Será un examen escrito.

Sen prexuízo do anterior, o profesor poderá realizar, se así o estima convinte, un exame final de contidos mínimos antes da celebración do claustro de avaliación do terceiro trimestre. Este exame terá unha nota máxima de 5, e estará destinado exclusivamente aos alumnos que, ata esa data, teñan unha cualificación inferior a 5.

As notas de avaliación redondearanse a número enteiro da seguinte forma: se o decimal e igual ou maior a 5, redondéase ao enteiro seguinte; se é menor de 5, quedará no enteiro que o acompaña.

## **RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

Para a avaliación da materia pendente, o departamento propondrá a realización dun exame de recuperación da materia pendente. Este exame suporá o 100% da nota na materia. Eventualmente, o profesor poderá, ó seu criterio, proporcionarlles material de repaso ou orientalos de cvara á realización deste exame.

O exame terá lugar preferiblemente no mes de maio.

Os alumnos con materia pendente poderán contar coa axuda do xefe do departamento para resolver as dúbidas que teñan ou lle poidan xurdir con respecto á comprensión dos contidos que forman parte do exame final ou aqueles relacionados coas actividades específicas de recuperación.